



Asociación de Empresarios do
Polígono Industrial do Tambre



FEDERACIÓN GALLEGA DE ATLETISMO



Cátedra Bancaja
Jóvenes Emprendedores
Universidad de Santiago
de Compostela

Compromiso Social Bancaja



VIAJES SANT YAGO S.A.

V CARREIRA POPULAR SOLIDARIA

ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS POLÍGONO DO TAMBRE 2011

O sábado 28 de maio celebrarase a **V edición da Carreira Popular Solidaria 2011** na zona do Campus Sur da Universidade de Santiago de Compostela. Esta proba estará organizada conxuntamente pola Universidade de Santiago de Compostela, a Asociación de Empresarios do Polígono do Tambre, a Fundación Compostela Deporte, a Delegación en Santiago da Federación Galega de Atletismo e o Concello de Santiago. O control técnico das probas estará a cargo do Comité de Xuices da Delegación de Atletismo de Santiago (Federación Galega de Atletismo). A proba estará suxeita ó seguinte:

REGULAMENTO

1. Poderán participar atletas federados e non federados. A clasificación será conxunta.
2. A proba terá lugar o **sábado 28 de maio** a partir das 17 horas na zona do Campus Sur de Santiago de de Compostela con saída e chegada na Avenida Antonio Raimundo Ibáñez (fronte o mirador do Parque da Alameda).
3. Estableceranse as seguintes categorías de competición:


- **BENXAMÍN:** atletas nados nos anos 2002 e 2003
- **ALEVÍN:** atletas nados nos anos 2000 e 2001
- **INFANTIL:** atletas nados nos anos 1998 e 1999
- **CADETE:** atletas nados nos anos 1997 e 1996
- **XUVENIL-JUNIOR:** atletas nados entre 1995 e 1992
- **PROMESA-SENIOR:** atletas nados entre 1991 e 1977
- **VETERANS:** atletas nados en 1975 e anteriores
- **FAMILIAR:** formada por 2 adultos e 1 neno/a menor

A categoría **FAMILIAR** estará composta por a lo menos 2 adultos e un menor. Darán unha volta o percorrido e non terán clasificación. Haberá que inscribirse como **CATEGORÍA FAMILIAR** incluíndo os datos indicados no punto 6 do regulamento dos participantes na “unidade familiar”.

4. O Horario das probas será o seguinte:

| HORA | CATEGORÍA | DISTANCIAS |
|-------|--------------------|------------------------|
| 17:00 | ANDAINA FAMILIAR | 1260 m |
| 17:15 | BENXAMÍN e ALEVÍN | 1260 m |
| 17:30 | INFANTIL e CADETE | 2410 m |
| 17:45 | XUVENÍS en diante | 4710 m |
| 18:15 | ENTREGA DE PREMIOS | Avda Antonio R. Ibáñez |

PLANO DAS PROBAS



5. PREMIOS E AGASALLOS

- Outorgaranse medallas os 3 primeiros clasificados de cada categoría establecida (tanto en homes como en mulleres).
- Todos os participantes na **CATEGORÍA FAMILIAR** que finalicen a proba entrarán nun sorteo dun Fin de Semana gratis nunha casa de turismo rural (bono máximo para dous adultos e dous menores).
- Premio especial de lote de material deportivo para aquel clube ou centro escolar que achegue máis participantes que logren concluir as probas.

6. INSCRICIÓNS

Deberán ser enviadas ó correo electrónico inscripcionesFGAsantiago@gmail.com con data límite o **venres 27 de maio ás 14 horas** e nela deberán reflexarse os seguintes datos:

- **Nome e Apelidos**
- **Data de nacemento completa (aa/aa/aaaa)**
- **Clube ou centro escolar o que pertencen**
- **Nº de licencia ou seguro escolar (se a ten)**
- **Correo electrónico**
- > *Os participantes na **CATEGORÍA FAMILIAR** deberán enviar os datos dos seus compoñente indicando na inscrición que participarán como categoría familiar.*
- > *Os clubs ou centros escolares que desexen optar o premio especialde material deportivo deberán realizar a inscrición como clube ou centro escolar enviando un listado cos datos dos seus componentes.*

7. Dado o carácter puramente solidario da proba, para poder participar na mesma entregárase un donativo no momento da recollida do dorsal sita no Estadio de Atletismo da Universidade. Tódolos donativos serán entregados á organización **COCINA ECONÓMICA.**
8. Haberá servizo de duchas a disposición dos atletas no Estadio de Atletismo da Universidade.
9. Agardamos de todos a máxima colaboración e deportividade. Todo o non previsto neste regulamento resolverase segundo o regulamento **RFEA** en vigor.